

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,  
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS  
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E  
SERVIZOS**

Día: 16.05.2024

Hora: 16:00

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 16 de maio de 2024, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1            649 (12/POC-000048)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Fernández Davila, María Cristina e 2 máis  
Sobre as inundacións que sofren na súa propiedade dúas persoas de Arbo derivadas das obras dunha estrada que cofinancian o Concello e a Xunta de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 15.04.2024*
- 1.2            1092 (12/POC-000163)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da actualización e execución do proxecto de dragaxe do río Lérez en Pontevedra, a emisión dun informe coas conclusións referidas ao punto de vertedura das lamas e o tempo transcorrido desde o inicio da tramitación do proxecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024*
- 1.3            1143 (12/POC-000170)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento do acordo parlamentario acadado en xuño de 2019 verbo da dragaxe do río Lérez en Pontevedra, así como sobre a solución ao tratamento dos residuos e o establecemento dunha dotación orzamentaria  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024*
- 1.4            1189 (12/POC-000177)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe ao fomento da adopción de animais domésticos de compañía abandonados e que están nos centros de recollida autorizados en Galicia



*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f2, do 18.04.2024*

- 1.5 1603 (12/POC-000257)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis  
Sobre os avances e as tramitacións que se están a realizar para activar os  
treitos pendentes da autovía do baixo Miño Tui-A Guarda  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f3, do 18.04.2024*
- 1.6 2141 (12/POC-000355)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma  
Sobre os resultados ofrecidos polo Plan de transporte público de Galicia e  
os axustes que prevé aplicar nel a Xunta de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21f2, do 03.05.2024*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Carmen  
María  
Pomar  
Tojo

Firmado digitalmente por  
Carmen María Pomar Tojo  
Nombre de  
reconocimiento (DN):  
cn=Carmen María Pomar  
Tojo,  
email=carmen.pomar.tojo  
@parlamentodegalicia.es  
Carmen María Pomar Tojo  
Presidenta da Comisión

Fecha: 2024.05.10 10:12:29  
40260





Asinado dixitalmente por:

Carmen María Pomar Tojo na data 10/05/2024 10:12:29



# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Carmen María Pomar Tojo	P
Vicepresidente	
José Luis Ferro Iglesias	P
Secretario	
Paulo Ríos Santomé	BNG

## Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Cristina Campero Dorado	P
Paloma Castro Rey	S
María Deza Martínez	P
Alexandra Fernández Gómez	BNG
María Dolores Hermelo Piñeiro	P
Carlos López Font	S
Rubén Lorenzo Gómez	P
Argimiro Marnotes Fernández	P
Armando Ojea Bouzo	M
Roberto Rodríguez Martínez	P
Gonzalo Trenor López	P
Montserrat Valcárcel Armesto	BNG
Sonia Vidal Lamas	BNG

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 16.05.2024 Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 16.05.2024                      Hora: 16:00

Orde do día

1.1        649(12/POC-000048)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre as inundacións que sofren na súa propiedade dúas  
persoas de Arbo derivadas das obras dunha estrada que  
cofinancian o Concello e a Xunta de Galicia

*Publicación da iniciativa, 11, 15.04.2024*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2024 13:22:16  
Nº Rexistro: 649  
Data envío: 03/04/2024 13:22:16.673

## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez**, , deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as inundacións persistentes que sufren dúas persoas en Arbo na súa propiedade debido ás obras nunha estrada do Concello..

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 9 de xuño, hai xa 10 meses, dúas persoas veciñas do Concello de Arbo, comprobaron como o baixo da súa casa estaba completamente asolagado, con destrozos importantes no mobiliario, paredes, electrodomésticos...

Esta situación comeza cando a empresa Oresa está a executar unha obra de Humanización dunha nova rúa en Arbo, entre a rúa Vázquez Estévez e a Estrada PO-400, financiada nun 70% pola Xunta de Galicia a través do Plan Hurbe.

Unhas das primeiras actuacións da humanización consistiron en demolicións, escavacións, recheos e desbroces; renovacións de pavimentos; melloras nas redes de abastecemento, pluviais, alumeado ou comunicacións, e con todas estas accións algunha delas tocou algunha/s veta/s de auga que remataron desviándose cara á vivenda e o eido, onde hai filtracións de xeito permanente e escóitase o murmurio do decorrer da auga.

Dende o primeiro momento as donas da vivenda acudiron ao Concello que non solventa a situación e desvía a responsabilidade das continuas inundacións na propiedade.

CSM-REXISTRO-SVZPKXB0x-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2024 13:22:16**  
**Nº Registro: 649**  
Data envío: 03/04/2024 13:22:16.673

Calquera persoa pode imaxinar a desesperanza que supón unha situación como esta, convivindo coa entrada de auga permanente, humidades, mobiliario e enseres desfeitos... Canto máis se a resposta do concello é ningunha ou ben con escusas ou incluso mentiras. Escudándose en técnicos da Xunta que deben revisar a obra e que non aparecen nunca nin dan explicacións ou prazos para solventar este gran problema para a familia.

O pasado 12 de novembro, pasados xa 5 meses dende as primeiras entradas de auga, a veciñanza concentrouse diante do Concello para reclamar unha solución as filtracións e a reposición da vivenda familiar, aínda así non houbo ningunha resposta a maiores do Alcalde do Concello de Arbo sen ser máis escusas e colgarlles o teléfono.

O BNG presentou no Parlamento o pasado ano preguntas sobre esta cuestión e a Consellaría de Medioambiente, Territorio e Vivenda enviou contestación na que informa sobre o convenio asinado entre esta Consellaría e o Concello de Arbo para executar estas obras que afirma ter finalizado en agosto de 2023. Esta primeira afirmación xa non concorda coa realidade, xa que nesta data as obras aínda se estaban a realizar.

Confirman tamén a reclamación interposta polas persoas propietarias da vivenda e finca afectada que orixina a emisión de informes por parte da dirección de obra e do Servizo de Supervisión de Proxectos, que propoñen realizar unha instalación de drenaxe das augas subterráneas que se dirixiron cara a vivenda e o seu enlace coa rede municipal existente augas abaixo. Dita obra realizouse pero non eliminou as filtracións de auga existentes.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2024 13:22:16**  
**Nº Rexistro: 649**  
Data envío: 03/04/2024 13:22:16.673

- Vai o goberno da Xunta a asumir a responsabilidade das filtracións de auga que están a sufrir as dúas persoas veciñas de Arbo por mor das obras que se están a realizar cofinanciadas pola Xunta de Galicia e o Concello, e así resolver o problema e repoñer as deficiencias que mostra a vivenda e a reposición do mobiliario, electrodomésticos e enseres estropeados?

- Despois da execución da obra de drenaxe proposta nos informes e que non solventaron o problema, teñen planificado os servizos técnicos da Xunta de Galiza unha nova actuación para evitar as filtracións de auga na vivenda de xeito definitivo?

- En que prazo estiman os servizos técnicos que se poda solventar este problema tan grave?.

- Como van a compensar ás persoas afectadas cando todo isto estea arranxado?

- Porque dende a Alcaldía non se puxeron os medios necesarios para identificar e solventar as filtracións dende o primeiro contacto que fixo a familia?

- Puxo o Alcalde en coñecemento da Xunta as dificultades que estaban a atopar na obra con respecto a esta vivenda nada máis coñecerlas?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

CSX4 REXISTRO-SV2PKXB0x-5  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2024 13:22:16**  
**Nº Rexistro: 649**  
Data envío: 03/04/2024 13:22:16.673

**Cristina Fernández Davila na data 03/04/2024 10:09:07**

**Alexandra Fernández Gómez na data 03/04/2024 10:10:17**

**Luis Bará Torres na data 03/04/2024 10:10:19**

CSX: REXISTRO-SV2PKXB0x-5  
Verificación  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 16.05.2024                      Hora: 16:00

Orde do día

1.2      1092(12/POC-000163)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da  
actualización e execución do proxecto de dragaxe do río Lérez  
en Pontevedra, a emisión dun informe coas conclusións  
referidas ao punto de vertedura das lamas e o tempo  
transcorrido desde o inicio da tramitación do proxecto

*Publicación da iniciativa, 13f2, 18.04.2024*



Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/04/2024 17:23:13  
Nº Rexistro: 1092  
Data envío: 05/04/2024 17:23:13.675

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou no ano 2011 a tramitación dun proxecto para a rexeneración dos bancos marisqueiros da ría de Pontevedra, e o dragado do río Lérez, nun treito de 4-5 quilómetros entre o club naval e os Praceres, no que estaba previsto retirar aproximadamente 300.000 toneladas de lamas e outros sedimentos.

Despois de 10 anos de tramitación, este proxecto converteuse nunha promesa electoral do señor Feijóo cada 4 anos, que seguiu sendo utilizada por Rueda nos pasados comicios.

Na pasada lexislatura o Grupo Socialista preguntaba en sede parlamentaria á directora xeral sobre a parálise deste proxecto que contestaba manifestando o firme propósito de levalo adiante e defendendo que se crease unha comisión técnica para analizar as alternativas para o punto de vertido dos lodos e materiais obtidos coa dragaxe e que esta estaba a traballar na busca de información cara a este fin pero, a día de hoxe, non temos constancia de ningún avance e nas últimas declaracións públicas o presidente da Xunta manifestaba que eran os requisitos medioambientais do Estado os que tiñan paralizado o proxecto.

Desde o Grupo Socialista entendemos que é a Xunta a administración competente para desenvolver este proxecto, e polo tanto, atopar un punto de vertido que cumpra cos requisitos que marca o Cedex ou no seu defecto explorar a posibilidade de retirar os lodos e vertidos e que estes sexan tratados

CSM-REXISTRO-9E1F6e014  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / [981.55.15.30](tel:981.55.15.30)

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2024 17:23:13**  
**Nº Rexistro: 1092**  
Data envío: 05/04/2024 17:23:13.675

en terra, que aínda que somos conscientes que é mais custoso tamén e medioambientalmente máis sostible.

O tempo pasa e isto aumenta os custes do proxecto, xa que será necesaria unha nova batimetría que mida a cantidade de áridos, delimitar novamente o tramo de retirada de sedimentos e actualizar os prezos.

Os pontevedreses e pontevedresas seguen abandonados e sen poder beneficiarse dun proxecto que permitiría mellorar a calidade das augas e dos fondos da ría, favorecer a recuperación, produtividade e calidade dos bancos marisqueiros alí localizados, e potenciar os usos lúdico-recreativos da zona.

Por iso, desde o Grupo Parlamentario Socialista esiximos a este goberno que emita un informe no que se determine un punto de vertido compatible coa normativa que impón o Cedex e posteriormente se actualice o proxecto de dragado do Lérez para iniciar a súa execución.

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª. Cando ten previsto o Goberno da Xunta actualizar e executar o proxecto de dragaxe do río Lérez en Pontevedra?

2ª. Vai emitir o Goberno da Xunta informe sobre as conclusións da comisión técnica creada para analizar as alternativas para o punto de vertido dos lodos e materiais obtidos coa dragaxe, no que determine un ou varios puntos de vertido compatible coa normativa que impón o Cedex ou a necesidade de trasladalos a terra?

3ª. Como xustifica este goberno máis dunha década de paralización deste proxecto?



CSX: REXISTRO-91E66edf-4

Verificado

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / [981.55.15.30](tel:981.55.15.30)

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/04/2024 17:23:13  
Nº Rexistro: 1092  
Data envío: 05/04/2024 17:23:13.675**

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 05/04/2024 15:37:31**

**Carlos López Font na data 05/04/2024 15:37:47**



CSX4 REXISTRO-91EF6edf-4

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

@PSdeG



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 16.05.2024                      Hora: 16:00

Orde do día

1.3        1143(12/POC-000170)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento do acordo parlamentario acadado en xuño de 2019 verbo da dragaxe do río Lérez en Pontevedra, así como sobre a solución ao tratamento dos residuos e o establecemento dunha dotación orzamentaria

*Publicación da iniciativa, 13f2, 18.04.2024*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/04/2024 11:28:41  
**Nº Rexistro: 1143**  
Data envío: 08/04/2024 11:28:41.652

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Alexandra Fernández Gómez, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a dragaxe no río Lérez.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos. O custo estimado do proxecto é de máis de 3 millóns de euros.

Despois de máis de 12 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. A finais do ano 2016, o daquela Presidente de Portos de Galicia reuniuse co alcalde de Pontevedra e cos portavoces dos grupos municipais para informalos das características do proxecto e dos prazos estimados para a súa realización. Naquela xuntanza, o responsable de Portos informou da previsión de licitación do proxecto a comezos de 2018.

En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteprojecto da dragaxe e o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións. En relación co impacto ambiental das obras, as confraría manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro. Demandan

CSM-REXISTRO-INZQKt6A6-3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/04/2024 11:28:41**  
**Nº Rexistro: 1143**  
Data envío: 08/04/2024 11:28:41.652

a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

No mes de abril de 2019, Portos de Galiza anunciou a intención de cambiar a zona de vertido dos depósitos, trasladándoa ao exterior da ría. Mais non houbo noticias sobre a modificación do proxecto, sobre o orzamento e sobre o prazo para levalo a cabo. A comezos de xuño de 2019, Portos fixo pública a través dun medio de comunicación a intención de trasladar os depósitos a un punto de vertido situado na ría de Arousa, nas proximidades da illa de Sálvora, proposta que suscitou o rexeitamento unánime do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa.

No mesmo mes de xuño, o parlamento de Galiza aprobou unha proposición non de lei na que se insta á Xunta á elaboración, conforme a normativa vixente e ás directrices existentes respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes do dragado do río Lérez, de tal forma que se garante que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, en especial á ría de Arousa.

Malia este acordo, tanto a conselleira do Mar como a directora de Portos de Galicia seguen defendendo publicamente a proposta de depositar os lodos na ría de Arousa e desbotan a posibilidade de retiralos e tratalos en terra polo seu alto custo e pola incidencia do tráfico de camións no centro da cidade de Pontevedra. A este respecto, a presidenta de Portos falou da necesidade de que 4.000 camións pasen polo centro de Pontevedra e a conselleira elevou a cifra a 11.000.

O 27 de abril de 2021 a directora de Portos de Galicia reuniuse coas confrarías da ría de Pontevedra e informounas de que o proxecto sufriría un novo retraso pola decisión do goberno central de non autorizar novos vertidos no depósito da ría de Arousa.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 08/04/2024 11:28:41

Nº Rexistro: 1143

Data envío: 08/04/2024 11:28:41.652

En febreiro de 2023 o presidente da Xunta e a conselleira de economía visitaron o Clube Naval e o presidente da Xunta puxo escusas para xustificar a paralización do proxecto.

Para o BNG, a paralización deste proxecto e as escusas para xustificala son un insulto a todas as institucións e entidades que levan máis de 12 anos demandando este proxecto fundamental para a rexeneración do fondo da ría e da canle do Lérez, para favorecer a navegabilidade do río e para garantir a operatividade do porto deportivo de Pontevedra.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten previsto a Xunta impulsar o proxecto de dragaxe do río Lérez, tomando como referencia o acordo parlamentario unánime de xuño de 2019?

Considera o goberno galego de interese realizar un estudo e unha proposta para a retirada e tratamento en terra dos lodos procedentes da dragaxe da canle do río Lérez que pola súa potencial carga contaminante ou prexudicial non sexan susceptibles de ser utilizados para a rexeneración doutras zonas da ría?

Vai o goberno galego dotar unha partida para sufragar a primeira fase das obras de dragaxe do río Lérez?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Paulo Ríos Santomé**



CSX4 REXISTRO-1N2qK6A8-3

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 08/04/2024 11:28:41

**Nº Rexistro: 1143**

Data envío: 08/04/2024 11:28:41.652

**Alexandra Fernández Gómez**  
**Montserrat Valcárcel Armesto**  
**Sonia Vidal Lamas**  
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 08/04/2024 11:18:39**

**Paulo Ríos Santomé na data 08/04/2024 11:21:07**

**Alexandra Fernández Gómez na data 08/04/2024 11:21:21**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 08/04/2024 11:22:32**

**Sonia Vidal Lamas na data 08/04/2024 11:24:42**



CSX: REXISTRO-1N2qK6A8-3

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/cs/>

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 16.05.2024

Hora: 16:00

Orde do día

1.4 1189(12/POC-000177)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe ao fomento da adopción de animais domésticos de compañía abandonados e que están nos centros de recollida autorizados en Galicia

*Publicación da iniciativa, 13f2, 18.04.2024*

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez,** deputados e deputadas **do Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Galicia foi unha comunidade autónoma pioneira á hora de dotarse dunha lei de benestar animal. Aprobada en 2017 é unha norma que naceu co obxectivo de combater o maltrato en calquera das súas formas e promover o abandono cero en Galicia mediante a adopción e a concienciación de toda a sociedade sobre a tenza responsable de animais domésticos.

Nesta aposta polo benestar animal, a Xunta leva anos colaborando estreitamente coas protectoras. E, ademais, traballa da man das administracións locais competentes na materia e das entidades implicadas de forma directa no coidado e manutención dos animais abandonados.

Para esta nova lexislatura, o Grupo Parlamentario Popular considera que o obxectivo debe ser seguir avanzando no fomento da adopción de animais de compañía, especialmente daqueles que foron abandonados e están acollidos nos centros de recollida autorizados.

Segundo se extrae do programa electoral do PPdeG -a forza que gañou as eleccións-, para estes catro anos propóñense novas medidas orientadas, entre outras cuestións, a implantar a gratuidade dos primeiros gastos veterinarios para as persoas que adopten un animal de compañía.

Ante a importancia deste tipo de medidas que buscan fomentar e garantir o benestar animal, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte pregunta en Comisión:

- Que medidas vai poñer en marcha o Goberno galego para fomentar a adopción de animais domésticos de compañía abandonados acollidos nos centros de recollida autorizados en Galicia?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2024



**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 08/04/2024 14:01:57**

**María Martínez Allegue na data 08/04/2024 14:02:23**

**María Deza Martínez na data 08/04/2024 14:02:33**

**Javier Arias Fouz na data 08/04/2024 14:02:42**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 08/04/2024 14:03:01**

**José Manuel Balseiro Orol na data 08/04/2024 14:03:26**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 08/04/2024 14:03:43**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 08/04/2024 14:03:54**

**Victoria Núñez López na data 08/04/2024 14:04:22**



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 16.05.2024                      Hora: 16:00

Orde do día

1.5      1603(12/POC-000257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre os avances e as tramitacións que se están a realizar  
para activar os treitos pendentes da autovía do baixo Miño  
Tui-A Guarda

*Publicación da iniciativa, 13f3, 18.04.2024*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/04/2024 17:31:04  
Nº Rexistro: 1603  
Data envío: 11/04/2024 17:31:04.371



### Á Mesa do Parlamento

**Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez,** deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

A finais de febreiro a Xunta poñía en servizo un novo treito da autovía Tui-A Guarda, neste caso, a conexión coa A-55 e co polígono de Areas, logo dun investimento autonómico de 26 millóns de euros.

É esta unha actuación moi demandada pola veciñanza e polo empresariado da zona, que vai permitir desprazamentos máis rápidos e seguros e contribuír á dinamización e competitividade do polígono de Areas, que conta cunha importante actividade industrial e económica.

O Goberno galego avanzaba así un novo paso no seu obxectivo estratéxico de continuar co desenvolvemento de vías de altas prestacións libres de peaxe que melloren as comunicacións e a seguridade viaria, tamén no Baixo Miño.

Precisamente o presidente da Xunta situou como un dos compromisos para os 100 primeiros días de Goberno novos avances no deseño dos treitos pendentes da autovía Tui-A Guarda, que xa se están materializando e que permitirán completar a autovía ata enlazar co treito xa en servizo, entre Goián e A Guarda.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que avances e tramitacións está a realizar o Goberno galego para activar os treitos pendentes da autovía do Baixo Miño, Tui-A Guarda?

Santiago de Compostela, a 11 de abril de 2024

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSM-REXISTRO-mP-baa.11-4  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/04/2024 17:31:04  
**Nº Rexistro: 1603**  
Data envío: 11/04/2024 17:31:04.371



**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 11/04/2024 17:28:54**

**María Martínez Allegue na data 11/04/2024 17:29:11**

**Javier Arias Fouz na data 11/04/2024 17:29:23**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 11/04/2024 17:29:35**

**José Manuel Balseiro Orol na data 11/04/2024 17:29:42**

**María Deza Martínez na data 11/04/2024 17:29:59**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 11/04/2024 17:30:08**

**Victoria Núñez López na data 11/04/2024 17:30:19**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 11/04/2024 17:30:31**



CSV: REXISTRO-MP-IBsauli-4

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 16.05.2024                      Hora: 16:00

Orde do día

1.6        2141(12/POC-000355)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma

Sobre os resultados ofrecidos polo Plan de transporte público de Galicia e os axustes que prevé aplicar nel a Xunta de Galicia

*Publicación da iniciativa, 21f2, 03.05.2024*



Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2024 10:29:57  
Nº Rexistro: 2141  
Data envío: 19/04/2024 10:29:57.575

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carlos López Font e Paloma Castro Rey**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 2ª**.

O Grupo Socialista xa na pasada lexislatura denunciou o mal funcionamento do Plan de transporte público da Xunta de Galicia, que non daba e segue sen dar cobertura ás necesidades de mobilidade da cidadanía galega, nomeadamente no rural.

O informe de fiscalización do Consello de Contas céntrase en catro aspectos:

### **a) Abdicación das súas competencias de inspección e control nos contratos asinados.**

Nos pregos establécese que as concesionarias están obrigadas a ingresar o canon pola explotación do servizo no mes de xaneiro do ano seguinte do exercicio correspondente.

E a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da anterior lexislatura, ante o incumprimento deste ingreso non solicitaba o canon ás empresas concesionarias (seguramente que había un acordo de que non se cobraría).

Non foi ata que o Consello de Contas solicitou o xustificante de pago deste canon, e requiriuno posteriormente cun atraso de 338 días desde o momento que tería que telo feito.

CSM-REXISTRO-ZowEaBa8XX-7  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / [981.55.15.30](tel:981.55.15.30)

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/04/2024 10:29:57**  
**Nº Registro: 2141**  
Data envío: 19/04/2024 10:29:57.575

A empresa concesionaria pagou, pero fíxoo como se o ingresase en período voluntario, sen ningún tipo de recargo.

Pero isto non aconteceu só no ano 2020 senón que no 2021 volveu a acontecer o mesmo.

#### **b) Queixas dos usuarios**

Neste informe constátase que a maior parte das queixas quedan sen resposta, ou ben cunha resposta tardía e sen solidez, non se debe pasar por alto que a obriga legal das administracións é dar resposta nun prazo de 90 días.

#### **c) Penalidades**

Detéctase que existen procedementos de infraccións abertos, incluso cualificados como graves ou moi graves, pero sen impoñer penalidades en moitos casos. Tendo en conta que nos propios pregos, consonte aos que se adjudican os contratos, prevese incluso como sanción a rescisión dos contratos para este tipo de infraccións.

#### **d) Falla de planificación**

Detéctase tamén neste informe unha falla e planificación deste plan para dar resposta ás necesidades de mobilidade.

O propio Consello de Contas recoméndalle á Xunta que reforce o seguimento dos contratos das concesións para levar a cabo axustes necesarios na orientación de obxectivos.



CSX: REGISTRO-ZwEa8bXX-7

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / [981.55.15.30](tel:981.55.15.30)

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2024 10:29:57  
Nº Rexistro: 2141  
Data envío: 19/04/2024 10:29:57.575**

Como se adoita dicir o que mal empeza mal acaba e cómpre recordar que o PP en canto chegou á Xunta no ano 2009 prorrogou en bloque todas as concesións de autobús e no ano 2016 o Tribunal Supremo anulounas.

Este tirón de orellas do Consello de Contas vén a sumarse a todas as sentenzas en contra que ten a Xunta neste eido. O TS vén de ratificar a sentenza do TSXG na que lle obrigaba á Comisión Galega da Competencia de abrirolla expediente sancionador a Alsa e Monbus por vulnerar normas da competencia e de repartirse o mercado. Estas sentenzas danlle un tirón de orellas á Xunta xa que a Comisión Galega da Competencia ante unha denuncia presentada con claros indicios de se cometer vulneración das normas de competencia arquivou o procedemento sen nin sequera practicar probas. E foi o TSXG o que lle dixo que tiña que abrir expediente sancionador. A Xunta recorreu e o TS ratificou o que dicía o TSXG.

Polo tanto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Tendo en conta este informe do Consello de Contas, segue a pensar a Xunta de Galicia que os problemas detectados no Plan de transporte público de Galicia son problemas puntuais?
2. Vai a Xunta de Galicia reforzar o seguimento dos contratos das concesións para levar a cabo os axustes necesarios na orientación de obxectivos do Plan de transporte público de Galicia?
3. Existía un acordo entre a Xunta de Galicia e as empresas concesionarias para que estas non abonaran o canon pola explotación do servizo? De non ser así, porque a Xunta de Galicia ante o incumprimento do pago do canon por parte das empresas concesionarias non llo requiría?



CSX4 REXISTRO-ZwEa8bXX-7

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / [981.55.15.30](tel:981.55.15.30)

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2024 10:29:57  
Nº Rexistro: 2141  
Data envío: 19/04/2024 10:29:57.575**

4. Vai a Xunta de Galicia analizar e dar resposta ás queixas dos usuarios e usuarias do transporte público competencia do Goberno galego?

Parlamento de Galicia, 17 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Carlos López Font na data 17/04/2024 18:48:51**

**Paloma Castro Rey na data 17/04/2024 18:49:00**



CSX4 REXISTRO-ZwEa8bXX-7

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / 981.55.15.30

@PSdeG

